



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Departamento Territorial de Pontevedra
Servizo de Recursos Educativos
Complementarios
Bolsas de estudos

Edificio Administrativo Campolongo (Planta 8ª)
Avda. Fernández Ladreda 43
36003 PONTEVEDRA
Telf.: 986805955
bolsaspontevedra@edu.xunta.es

CIRCULAR SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECIFICA DE APOIO EDUCATIVO PARA O CURSO 2009 -2010.

Comunícolle que no BOE do 5 de xuño, publicáronse as axudas arriba indicadas mediante a Resolución do 1 do xuño do Ministerio de Educación y Ciencia.

Na páxina web www.educación.es pódese obter toda a información e como novidade este curso as solicitudes pódense presentar a solicitude por vía telemática.

Os solicitantes deberán facer estudos no curso 2009-2010 de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ensinanzas artísticas profesionais, programas destinados á obtención dunha cualificación profesional inicial e programas de formación para a transición á vida adulta

É requisito obrigatorio que os alumnos teñan necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou de trastornos graves de conduta que deberán acreditar cun certificado de minusvalía ou cun certificado do departamento de orientación onde se xustifique a necesidade educativa especial. Tamén poderán presentar estas solicitudes os alumnos con necesidade específica de apoio educativo asociada a altas capacidades.

Os impresos facilitaranse na sección de bolsas de estudos desta delegación provincial, previa petición telefónica do centro escolar.

É importante que os centros educativos dean a maior publicidade a esta circular, revisen que veñan correctamente cubertos os datos das solicitudes e ademais comprobren que se aportan os documentos obrigatorios.

Actuacións da unidade familiar

Cubrir os apartados A, B, C, G, H e asinar nas páxinas 2 e 6 as persoas indicadas no impreso.

Considéranse membros da unidade familiar na situación o 31 de decembro de 2008: o solicitante, os pais ou titores, os irmáns solteiros que vivan no domicilio familiar que naceron no ano 1984 e posteriores, ou de calquera idade cando sexan discapacitados, e os ascendentes dos pais do solicitante que vivan no domicilio familiar.

Deberá aportar a seguinte documentación:

- Copia dos datos identificativos da conta bancaria (código conta cliente). O solicitante deberá figurar obrigatoriamente entre os titulares ou cotitulares da conta.
- Copia do DNI ou no seu caso número de identificación de estranxeiro (NIE) de todos os membros da unidade familiar maiores de 14 anos
- Copia dos xustificantes das situacións que declare o solicitante no apartado H: familia numerosa, minusvalía de algún irmán, etc.

O prazo para presentar as solicitudes no centro escolar remata o 30 de xuño.

Actuacións do centro escolar

Os centros serán os encargados dos seguintes datos:

1 - Na páxina 1 da solicitude:

- a) Cubrir o apartado D
- b) Cubrir o apartado F para o que deberán ter en conta que:
 - A axuda de material non se pode conceder para educación infantil, primaria e ESO.
 - As axudas de comedor e transporte solicítanse exclusivamente para os alumnos que utilicen estes servizos no centro escolar sempre que non sexan gratuitos.

2 - Na páxina 5 da solicitude:

- a) O departamento de orientación do centro será o encargado de cubrir os datos do apartado A sempre que se solicite a axuda de reeducación a cargo dun gabinete externo e será imprescindible que especifique a DURACIÓN DA NECESIDADE DO SERVIZO.



- b) O centro tamén comprobará que os datos do apartado B están debidamente cubertos
- c) Cubrir o apartado C para todos os alumnos que teñan reserva de praza para o curso 2009-2010.

3 – Documentos que o centro deberá aportar á solicitude

É IMPRESCINDIBLE QUE:

- a) O departamento de orientación do centro estenda un certificado que xustifique a necesidade específica de apoio sempre que o alumno non dispoña de certificado de minusvalía.
- b) Todas as solicitudes que inclúan a petición por reeducación externa veñan acompañadas dun certificado da inspección de zona que indique a necesidade de recibir estes tratamentos externos.

Deberán remitir as solicitudes a esta delegación provincial ata o 6 de xullo acompañadas dunha relación alfabetizada dos solicitantes.

Pontevedra, 5 de xuño de 2009

O xefe territorial das dependencias da Consellería de Educación en Pontevedra

Asdo. Juan José Alonso Martín



A todos os centros educativos dependentes da Consellería de Educación da provincia de Pontevedra.